

## **Convenio colectivo do sector de oficinas e despachos da provincial de Pontevedra (Anos 1995-1996/ 2001)<sup>1</sup>**

### Capítulo I

#### Unidades de negociación

##### Artigo 1º.

Partes concertantes.

A comisión negociadora do convenio que se subscriba está integrada, por parte empresarial, polo sector das empresas de oficinas e despachos da Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra e, por parte dos traballadores, polas centrais sindicais, Unión Xeral de Traballadores (UXT), Comisións Obreiras (CC.OO.) e Confederación Intersindical Galega (CIG).

Ámbalas dúas partes recoñécense como interlocutores válidos con lexitimación suficiente para a negociación do presente convenio, de acordo co que establece o título III do vixente texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

### Capítulo II

#### Ámbitos, vixencia e denuncia

##### Artigo 2º.

Ámbito persoal.

Rexeranse polo presente convenio a totalidade dos traballadores que, na actualidade ou no sucesivo, presten os seus servizos nas empresas reguladas polo ámbito funcional e situadas dentro do ámbito territorial.

##### Artigo 3º.

Ámbito funcional.

O convenio será de aplicación a tódalas empresas encadradas, ou que no futuro se encadren, nas actividades reguladas pola ordenanza laboral para oficinas e despachos de data 31/10/1972.

##### Artigo 4º.

Ámbito territorial.

As normas do presente convenio serán de aplicación en toda a provincia de Pontevedra.

##### Artigo 5º.

Ámbito temporal-vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día 1/1/1995, con independencia da data de publicación no BOP.

A súa duración será de dous anos, terminando a súa vixencia o 31/12/1996. Entenderase prorrogado tacitamente por anualidades naturais de non mediar denuncia expresa das partes.

##### Artigo 6º.

Denuncia.

Calquera das partes poderá solicita-la revisión do convenio, formulando a súa denuncia á outra parte e á autoridade laboral competente, con tres meses de antelación como mínimo á data de expiración da súa vixencia ou á de calquera das súas prórrogas.

En caso de non chegar a unha negociación despois de realizada a denuncia, o texto do convenio quedará prorrogado, non así os conceptos salariais que aumentarán de acordo coa subíndice do IPC.

### Capítulo III

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 1996. Táboas salariais: 2001.

## Representación das partes negociadoras

### Artigo 7º.

#### Comisión paritaria.

Acórdase establecer unha comisión paritaria como órgano para a conciliación, interpretación e vixilancia do pactado no presente convenio.

Esta comisión estará formada, por acordo das partes, polas representacións económica e social que deliberaron este e que figuran como asinantes do presente convenio. Para os únicos efectos de notificación, sinálanse os seguintes enderezos:

-Pola representación económica:

Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra, na Avda. García Barbón 104-1º, de 36201 Vigo.

-Pola representación social:

Unión Sindical de Comisións Obreiras (CC.OO.), na rúa Hernán Cortés 26-2º, de 36203 Vigo.

Unión Xeral de Traballadores (UGT), na Avda. García Barbón 65, de 36201 Vigo.

Confederación Intersindical Galega (CIG), na rúa Gregorio Espino 47-entrechán, de 36205 Vigo.

## Capítulo IV

### Tempo de traballo

#### Artigo 8º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo distribuirase da seguinte maneira:

a) Xornada de inverno: 40 horas efectivas semanais, traballadas de luns a venres, en réxime de xornada partida.

As empresas que teñan establecida unha xornada continuada durante todo o ano, respetarana como condición máis beneficiosa, distribuíndoa de luns a sábado.

b) Xornada de verán: 35 horas efectivas semanais, traballadas de luns a venres, en réxime de xornada intensiva ou continuada. Este réxime de xornada levarase a cabo desde o día 1 de xullo ó día 30 de setembro, ambos inclusive.

c) Cando a xornada diaria continuada exceda de 6 horas, deberá establecerse un período de descanso de quince minutos. Este período de descanso considerárase tempo de traballo efectivo.

As tardes dos días 24 e 31 de decembro de cada ano non serán laborables.

#### Artigo 9º.-Permisos retribuídos.

Ós traballadores interesados concederánselles necesariamente os seguintes permisos retribuídos:

a) Matrimonio do traballador: 15 días.

b) Intervención cirúrxica ou enfermidade grave do cónxuxe, pais, pais políticos, fillos e irmáns: 5 días.

c) Parto da muller: 3 días.

d) Morte do cónxuxe, pais, pais políticos, fillos e irmáns: 5 días, que se ampliarán ata 8 días se o óbito ocorrera en municipio distinto ó do centro de traballo.

e) Morte dos avós, tíos e cuñados: 2 días.

f) Necesidade de atender asuntos propios que non admitan demora: o tempo que sexa necesario.

Outorgarase este permiso unha vez demostrada a necesidade.

g) Licencia a representantes sindicais: haberá que se ater ó lexislado nesta materia.

En todo o que respecta a dereitos ou situacións referidas nos apartados anteriores, na que a condición de muller/home e cónxuxe sexa a causa, entenderase que a condición de parella estable con convivencia continuada, e suficientemente xustificada, dará lugar ós mesmos dereitos e situacións.

Os días ós que fai referencia este artigo entenderanse, en todo caso, como naturais.

#### Artigo 10º.-Vacacións anuais.

O persoal regulado por este convenio terá dereito a 30 días naturais de vacacións anuais que se desfrutarán preferentemente nos meses de verán, de acordo coas necesidades da empresa.

As quendas de vacacións serán fixadas pola empresa e os delegados de persoal ou comités de empresa onde os haxa ou, no seu defecto, por quen designen os traballadores.

A data do comezo do desfrute farase coincidir cun luns laborable.

## Capítulo V

### Percepcións económicas e revisión

#### Artigo 11º.-Salario base.

En concepto de salario base mensual corresponden, a cada unha das categorías profesionais, o que se detalla na primeira columna da táboa salarial anexa.

Esta táboa salarial terá efectos económicos desde o día 1 de xaneiro de 1995 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

#### Artigo 12º.-Remuneración anual.

Na segunda columna da táboa salarial anexa detállanse os salarios no seu cómputo anual, en función da xornada efectiva pactada no presente convenio.

#### Artigo 13º.-Revisión económica.

Para o ano 1996, será revisada a totalidade de conceptos salariais cun incremento do 3,5% segundo táboa salarial anexa.

#### Artigo 14º.-Antigüidade.

Establécense un complemento persoal de antigüidade para tódalas categorías consistente en bienios por un importe do cinco por cento do salario base, a devengar desde o día primeiro do mes no que se cumpra o bienio.

A acumulación dos incrementos por antigüidade non poderá supoñer máis do 10 por 100 do salario base ós cinco anos, do 25 por 100 ós quince anos, do 40 por 100 ós vinte anos, e do 60 por 100, como máximo ós vintecinco anos ou máis.

#### Artigo 15º.-Gratificacións extraordinarias e participación en beneficios.

Os traballadores ó servizo das empresas afectadas por este convenio percibirán tres gratificacións extraordinarias cada ano: unha no mes de xuño, outra no mes de setembro, e a terceira no mes de decembro. O importe de cada unha delas será dunha mensualidade de salario base máis antigüidade. Así mesmo, e en concepto de participación en beneficios, os traballadores percibirán outra paga máis no mes de marzo de cada ano, calculada de igual xeito que as anteriores.

O persoal que ingrese ou cese na empresa durante o transcurso do ano percibirá as gratificacións extraordinarias e a participación en beneficios en proporción ó tempo traballado.

Os traballadores que, polos conceptos anteriores, veñán percibindo das empresas o importe correspondente a unha mensualidade do seu salario real seguirán excepcionalmente coas mesmas condicións por ter carácter máis beneficioso.

#### Artigo 16º.-Incapacidade temporal.

En calquera suposto de baixa por incapacidade temporal, as empresas afectadas por este convenio estarán obrigadas a aboarlle ó traballador nesta situación o 100% do salario que lle corresponde no momento de producirse a baixa.

## Capítulo VI

### Conceptos extrasalariais

#### Artigo 17º.-Axudas de custo e desprazamentos.

As axudas de custo para o persoal que, en razón dos métodos de organización das empresas, deba efectuar saídas fóra do municipio no que estea establecido o centro de traballo, quedan establecidas da seguinte maneira:

Axuda de custo completa: fíxase na contía de 5.000 ptas., para tódalas categorías.

Media axuda de custo: fíxase na contía de 2.000 ptas, igualmente para tódalas categorías.

Nos desprazamentos que se efectúen en conche propio aboaranse 28 ptas., por quilómetro.

#### Artigo 18º.-Seguro de accidentes.

As empresas afectadas por este convenio subscribirán pólizas de seguro colectivo en favor dos seus

traballadores. Este seguro cubrirá como mínimo as seguintes garantías:

-Morte ou invalidez total: 1.500.000 ptas.

-Invalidez absoluta ou gran invalidez: 2.000.000 de ptas.

O presente artigo entrará en vigor o día 1 de febreiro de 1996.

## Capítulo VII

### Acordos sociais

Artigo 19º.-Cadros de persoal.

As empresas reguladas por este convenio axustarán os seus cadros de persoal ás seguintes normas:

a) Os empregados que teñan directamente baixo a súa responsabilidade a quince ou máis traballadores dos grupos titulados administrativos ou técnicos serán clasificados como xefes superiores.

b) En dependencia con dez ou máis traballadores dos grupos nomeados no apartado anterior, o empregado que se atope á fronte deles terá a categoría de xefe de primeira.

c) Nos centros de traballo onde presten os seus servicios un número de sete traballadores dos grupos xa nomeados anteriormente ou, no suposto de que sendo menos de sete exista un mínimo de tres traballadores clasificados como oficial ou asimilado estará á fronte deles un xefe de segunda.

Artigo 20º.-Ascensos.

Tódalas empresas reguladas polo presente convenio veñen obrigadas a dispoñer nos seus cadros de persoal, como mínimo dun número de oficiais de primeira igual ó vinte por cento do cadro de persoal total de oficiais.

A elección dos novos oficiais de primeira é facultade exclusiva do empresario. Para o seu cómputo, terase en conta a fracción decimal que supere o 0,50.

Os auxiliares administrativos con cinco anos de servizo nesta categoría dentro da empresa, pasarán automaticamente á categoría de oficial de segunda administrativo. Os auxiliares administrativos, ós tres anos de antigüidade na súa categoría dentro da empresa, pasarán a percibir as remuneracións que fixa para estes casos a táboa salarial anexa.

O auxiliar especialista de oficios con máis de tres anos de antigüidade na súa categoría dentro da empresa será ascendido automaticamente á categoría de calcador.

Os cobradores, ó cumpriren dez anos de antigüidade na súa categoría dentro da empresa, asimilaranse exclusivamente para efectos económicos ós oficiais de segunda administrativos.

Os mozos do recados, ó cumpriren os dezaioito anos, pasarán automaticamente á categoría de ordenanza.

## Capítulo VIII

### Acción sindical

Artigo 21º.-Dereitos sindicais.

En todo o que atinxe ós aspectos sindicais dentro e fóra das empresas, haberá que averse ó que sobre esta materia dispón o vixente texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e a Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

Artigo 22º.-Revisións médicas.

Tódalas empresas vinculadas ó presente convenio colectivo estarán obrigadas a solicitar do gabinete técnico provincial do Servicio Social de Hixiene e Seguridade no Traballo de Rande, ou á mutua patronal que cubra o risco de accidentes de traballo, un recoñecemento médico anual para todo o persoal.

O tempo empregado para o mencionado recoñecemento será aboado pola empresa.

Artigo 23º.-Seguridade e hixiene no traballo.

Será obrigatoria a utilización, en tódolos ordenadores, de filtros ou monitores que cumpran a normativa vixente.

As mulleres embarazadas estarán exentas de traballos continuados nas fotocopiadoras.

## Capítulo IX

## Cómputos e vinculación

### Artigo 24º.-Compensación e absorción.

As condicións pactadas neste convenio forman un todo orgánico e indivisible e, polo tanto, absorberán e compensarán no seu conxunto as melloras de calquera tipo que viñeran anteriormente satisfacendo as empresas, ben sexa por imperativo legal, convenio colectivo, etc.

### Artigo 25º.-Vinculación á totalidade.

Como se di no artigo anterior, as condicións establecidas no presente convenio e pactadas polas partes deliberadoras forman un todo orgánico e indivisible. En consecuencia, non poderá pretendese a aplicación dunha ou varias normas con esquecemento das restantes, senón que para tódolos efectos o presente convenio deberá ser aplicado e observado na súa integridade.

No suposto de que a autoridade laboral ou xurisdición competente, no exercicio das súas facultades, declárase nulo total ou parcialmente algún artigo, quedará o presente convenio invalidado na súa totalidade, levándose a cabo unha nova negociación.

### Disposición adicional

A comisión deliberadora do convenio acorda publicalo de xeito bilingüe: castelán e galego.

O texto aprobado foi en lingua castelá e será este o que sirva de base para calquera interpretación ou aclaración da comisión paritaria.

### Disposición derradeira

No non establecido de maneira expresa no presente convenio aplicarase o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e prorrogarase como lexislación subsidiaria a ordenanza laboral para oficinas e despachos, do 31-10-1972, mentres non sexa substituída por convenio colectivo.

## TÁBOA SALARIAL 2001

CATEGORÍAS	SALARIO BASE / PTS.	REMUN. ANUAL / PTS.	SALARIO BASE / EUROS	REMUN. ANUAL / EUROS
<b>GRUPO I-TITULADOS</b>				
Titulado de Grao Superior	134.083	2.145.328	805,86	12.893,76
Titulado de Grao Medio	121.050	1.936.800	727,53	11.640,48
<b>GRUPO II-ADMINISTRATIVOS</b>				
Xefe Superior	121.050	1.936.800	727,53	11.640,48
Xefe de Primeira - 1ª	119.349	1.909.584	717,30	11.476,80
Xefe de Segunda - 2ª, Caixeiro con sinatura, Xefe de reporteiros, Traductor e Intérprete xurado de máis dun idioma	115.497	1.847.952	694,15	11.106,40
Oficial de 1ª, Caixeiro sen sinatura, Intérprete xurado dun idioma, Operador de máquinas contables, Taquimecanógrafo, Telefonista e recepcionista con máis de dous idiomas, Inspector de zona	106.316	1.701.056	638,97	10.223,52
Oficial de 2ª, Telefonista e Recepcionista cun idioma, Reporteiro de axencia de información, Traductor e Intérprete non xurado, Xefe de visitadores	100.989	1.615.824	606,96	9.711,36
Auxiliar con antigüidade superior a tres anos	91.581	1.465.296	550,41	8.806,56
Auxiliar, Telefonista, Visitador, Cobrador, Pagador	87.727	1.403.632	527,25	8.436,00
Aspirante	72.120	1.153.920	433,45	6.935,20

<b>GRUPO III-TÉCNICOS DE OFICINA</b>				
Xefe Superior	121.050	1.936.800	727,53	11.640,48
Xefe de 1ª, Xefe de equipo de informática, Analista, Programador de ordenadores	119.349	1.909.584	717,30	11.476,80
Xefe de 2ª, Xefe de delineación, Xefe de explotación, Programador de máquinas auxiliares, Administrador de test, Coordinador de tratamiento de cuestionarios	115.497	1.847.952	694,15	11.106,40
Xefe de equipo de enquisas, Coordinador de estudios	113.797	1.820.752	683,93	10.942,88
Delineante proxectista	107.223	1.715.568	644,42	10.310,72
Dibuxante proxectista, Controlador, Operador de ordenadores	106.316	1.701.056	638,97	10.223,52
Delineante	100.989	1.615.824	606,96	9.711,36
<b>GRUPO IV-ESPECIALISTAS DE OFICINA</b>				
Xefe de máquinas básicas	115.497	1.847.952	694,15	11.106,40
Operador de tabuladores, Inspector de entrevistadores, Encargado dpto. de reprografía	106.316	1.701.056	638,97	10.223,52
Operador de máquinas básicas, Dibuxante, Entrevistador-Enquisador	100.989	1.615.824	606,96	9.711,36
Calgador, Perforista, Verificador, Clasificador	93.395	1.494.320	561,32	8.981,12
Auxiliar	87.727	1.403.632	527,25	8.436,00
Aspirante	72.120	1.153.920	433,45	6.935,20
<b>GRUPO V-SUBALTERNOS</b>				
Conserxe maior	93.395	1.494.320	561,32	8.981,12
Conserxe	89.655	1.434.480	538,84	8.621,44
Ordenanza, Vixilante	87.727	1.403.632	527,25	8.436,00
Botóns de 17 anos	72.120	1.153.920	433,45	6.935,20
Botóns de 16 anos	72.120	1.153.920	433,45	6.935,20
<b>GRUPO VI-OFICIOS VARIOS</b>				
Encargado almaceneiro	100.989	1.615.824	606,96	9.711,36
Oficial 1ª, Conductor 1ª	97.248	1.555.968	584,47	9.351,52
Oficial 2ª, Conductor 2ª	93.395	1.494.320	561,32	8.981,12
Axudante, Operador reproductor de planos, Operador multicopista e xerocopista	89.655	1.434.480	538,84	8.621,44
Peón, Mozo, Persoal de limpeza xornada completa	87.727	1.403.632	527,25	8.436,00